

RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE XUÑO DE 2022 SOBRE A SELECCIÓN DE TITULACIONES UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE MASTER IMPARTIDAS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2021/22, PARA OPTAR Á CONCESIÓN DA MENCION DE EXCELENCIA POLA XUNTA DE GALICIA.

Por Resolución Reitoral do día 18 de abril de 2022, convocouse un proceso de selección en réxime de concorrencia competitiva, de titulacións universitarias oficiais de máster impartidas pola Universidade de Vigo no curso académico 2021/22, para optar á concesión da Mención de Excelencia pola Xunta de Galicia.

En aplicación do establecido na base sexta de dita resolución, tras a correspondente valoración das propostas e alegacións presentadas por parte da comisión de avaliación,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Aprobar a relación definitiva de propostas seleccionadas para a súa presentación á convocatoria realizada pola Xunta de Galicia, segundo estableceu a comisión avaliadora, que é a seguinte:

Másteres seleccionados (por orde alfabética)
MÁSTER UNIVERSITARIO EN COMERCIO INTERNACIONAL
MÁSTER UNIVERSITARIO EN ECONOMÍA
MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑERÍA DA AUTOMOCIÓN

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente en Vigo,

○ REITOR

Por delegación (R.R. 26/05/2020)

○ vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Por suplencia (R.R. 04/05/2022)

A vicerreitora de Investigación

M^a. Belén Rubio Armesto